



CONCURSO CONTANDO EXPERIENCIAS DE EMPRENDEMENTO

Inspiración, esforzo, resiliencia... Non hai dúas historias iguais no mundo do emprendemento. Pero todas merecen ser contadas como exemplo de superación persoal e profesional. Por iso dende o Polo de Emprendemento Lugo Sur queremos coñecerlas todas e premiar o relato que mellor encarne os valores de superación nas comarcas do sur de Lugo. Con motivo do "Día mundial do emprendemento", o Polo, integrado dentro da rede de apoio empresarial creada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, lanza un concurso para que nos contes a túa experiencia emprendedora.



Se cres que a túa historia paga a pena ser contada colle o teu móbil ou lapis e papel e resume nun relato a túa experiencia como empresario/a.

E o máis importante... o mellor relato terá ¡¡¡¡¡PREMIO!!!!

Bases:

- Aberto ao público maior de 18 anos.
- Formato: vídeo (máximo 2 minutos) ou texto (máximo 500 palabras).
- Experiencias desenvolvidas nas comarcas do Sur de Lugo:
 - o Terra de Lemos: Monforte de Lemos, O Saviñao, Pantón, Bóveda, Sober, A Pobra de Brollón.
 - o Chantada: Taboada, Chantada e Carballedo.
 - o Sarria: Incio, Láncara, Paradela, O Páramo, Samos, Sarria, Triacastela.
 - o Quiroga: Folgoso de Courel, Quiroga, Ribas de Sil.
- Valoracións:
 - o Criterios obxectivos:
 - Experiencia de carácter innovador ou tecnolóxico: 2 puntos.
 - Experiencia relacionada coa economía social: 2 puntos.
 - Experiencia emprendedora feminina: 2 puntos.
 - Experiencia creadora de emprego: 2 puntos.
 - o Criterios en función de xuízos de valor:
 - Aliñamento temático: a temática do texto ou vídeo debe estar aliñado coa convocatoria, na que se procuran

historias ou testemuñas que expliquen a experiencia de emprender. Así:

- Mínimo (1 punto): a candidatura non está aliñada coa convocatoria.
 - Baixa (2 puntos): a candidatura refírese ao emprendemento, pero a temática principal é outra.
 - Alta (3 puntos): a temática principal da candidatura é o emprendemento.
 - Máxima (4 puntos): a temática principal da candidatura é o emprendemento e está despregada con profundidade e detalle.
- Calidade: o texto ou vídeo candidato debe ter unha calidade suficiente, que permita que os lectores / espectadores comprendan o que se conta e que mesmo desfruten co xeito no que se conta. Así:
- Mínima (1 punto): o texto está mal redactado e a redacción dificulta a comprensión / o vídeo está mal gravado e editado e custa ver e escoitar o que contén.
 - Baixa (2 puntos): o texto ten fallas de redacción que desvían a atención / o vídeo ten fallas de imaxe ou son que desvían a atención.
 - Alta (3 puntos): o texto está redactado correctamente / o vídeo está gravado e editado correctamente.
 - Máxima (4 puntos): o texto está tan ben redactado que se desfruta ao lelo / o vídeo está gravado e editado tan ben que se desfruta ao velo.
- Orixinalidade: o texto ou vídeo candidato debe ser orixinal, no sentido de aportar unha visión diferente sobre o emprendemento. Así:
- Mínima (1 punto): a candidatura achega unha mirada absolutamente convencional sobre o emprendemento, sen ningún aspecto diferencial.
 - Baixa (2 puntos): a candidatura aporta unha mirada bastante convencional, con algún elemento illado de novidade ao que, non obstante lle falta desenvolvemento.
 - Alta (3 puntos): a candidatura aporta unha mirada novidosa, con elementos diferenciais desenvolvidos.
 - Máxima (4 puntos): a candidatura aporta unha mirada transformadora que invita ao público a recapacitar sobre a súa visión do emprendemento.

Valoración máxima: 20 puntos

PREMIO

Estancia dun fin de semana para ata 6 persoas en Casa Mato (Baamorto-Monforte de Lemos)



Martes 11 de abril	Recepción de relatos por correo electrónico (lugosur@polosemprendemento.gal)
Mércores 12 de abril	Valoración de relatos
Xoves 13 de abril	Comunicación do resultado e entrega do premio

O xurado estará formado por:

- persoal da rede de Polos
- xerentes de Casa Mato